



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)
María Belén Rodríguez Tourón (vogal Intervención)
José Javier García Gago (vogal Asesoría xurídica)
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 12:00 horas do 12.08.2024, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Apertura do arquivo electrónico un, documentación administrativa, admisión de licitadores, e, no seu caso, apertura do arquivo electrónico dous, oferta técnica, referente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO, INSTALACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DECORATIVOS DO ALUMEADO DE NADAL DO CONCELLO DE OURENSE 2024- 2025 (EXPTE. Nº 2024020609).

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

O secretario pregunta aos membros asistentes se, á vista das ofertas recibidas, se atopan nalgunha situación susceptible de xerar conflito de intereses. Ningún dos asistentes manifesta atoparse en situación de conflito de intereses.

Por parte dos integrantes da Mesa procédese á apertura do arquivo electrónico un, documentación administrativa, referente ao expediente para contratar por procedemento aberto e trámite ordinario a subministración, instalación en réxime de aluguer de elementos decorativos do alumeadado de Nadal do Concello de Ourense 2024- 2025 (expediente nº 2024020609), concluíndo o proceso de descriptado do arquivo ás 12:06 horas, segundo consta na plataforma Vortal.

Concluído o proceso de cualificación da documentación administrativa o resultado da cualificación é o seguinte:

Nº	LICITADORES	CUALIFICACIÓN
1	Iluminaciones Ximénez SAU	Admitido

Seguidamente por parte dos integrantes da Mesa se procede á apertura do arquivo electrónico dous, oferta técnica, concluíndo o proceso de descriptado do arquivo ás 12:55 horas, segundo consta na plataforma Vortal.

A Mesa acorda solicitar informe para a avaliación das ofertas técnicas ao Xefe do Servizo de Cultura, Participación Cidadá e Xuventude.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.





Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333

e-mail: contratacion@ourense.es

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 6/2020.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:WVINZAJPYI3QMNOH